



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CESANTES  
13 DE DECEMBRO DE 2017

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación, se procede, da acta anterior.**
- 2. Dar conta das obras feitas na parroquia.**
- 3. Dar conta das obras previstas.**
- 4. Dar conta dos orzamentos participativos ano 2017.**
- 5. Orzamentos participativos ano 2018.**
- 6. Rogos e preguntas.**

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e cinco minutos, do día trece de decembro de dous mil dezasete, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Carmen López Bouzón, representante do PP
- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Francisco J. Táboas Carrera, representante de AER
- M<sup>a</sup>. Magdalena Ramonet Otero, representante das asociacións veciñais
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Jaime Piedras Couñago, representante das asociacións culturais
- Carlos González Domínguez, representante das asociacións culturais
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- Nuria Novelle Zabaleta, representante das asociacións culturais
- Arsenio Martínez Ricón, representante das entidades deportivas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

**1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.**

Sométese a aprobación a acta da xuntanza de data 21.06.2017.

Apróbase a acta por unanimidade de todos os membros presentes.

**2.- Dar conta das obras feitas na parroquia.**

O Presidente informa das actuacións realizadas:

- Arranxouse, cunha subvención, a fonte de Neira, colocouse adoquín, quitouse o lavadoiro e arranxouse a fonte, quedou un pouco complicado para coller a auga polo que se vai a modificar.
- Renovouse todo o parque infantil en San Pedro.
- Arranxouse o camiño da Encrucillada e o camiño da Rega.
- Na praia colocáronse dous baños novos, duchas e ramplas para mellorar a accesibilidade, cunha subvención concedida.

**3.- Dar conta das obras previstas.**

O Presidente expón as actuacións previstas a realizar na parroquia:



## CONCELLO DE REDONDELA

- Asfaltar o camiño do Tanque.
  - No centro cultural arranxar a parte traseira e o muro.
  - No camiño do Cocho asfaltar e canalizar augas dende a estrada ata a ponte, incluíndo a colocación dunha barandilla na poza.
  - Na Pantalla na zona de Torres a humanización de toda a zona ata a vía, incluíndo beirarrúa, asfaltado, farolas.
  - No camiño do Arxón vaise falar cos veciños que faltan para intentar anchealo ata o enlace do camiño das Casas Vellas.
  - Vanse adecentar os biosaudables da praia de Cesantes para outra zona e colocar na praia outros en inox.
  - O obradoiro vai arranxar varias zonas, como a rotonda da praia.
  - En Outeiro das Penas dende a farmacia ata a de Ucha vaise asfaltar esa zona e anchear.
  - Na rotonda de Soutoxuste vaise intentar poñer unha farola e darlle iluminación as casas que están antes, pedindo autorización a Fomento.
- En principio todas estas obras están con proxecto e se intentará que saian para o ano que ven.

Francisco J. Táboas Carrera pregunta como se fixo a obra de pechar a zona da duna.

Nuria Novelle Zabaleta, en relación con ese tema, comenta que hai que ver unha solución para esa zona que axude a manter a duna e que non se rompa, habería que impedir que entre a auga.

Marcial López Cabaleiro di que habería que botar area nesa zona para cortar o paso da auga.

Leonardo Cabaleiro Couñago, en relación ás obras previstas, indica que se tería que explicar de onde saen os cartos das subvencións. Por exemplo, a obra da zona da Pantalla os cartos saen do remanente de tesourería do ano pasado. O remanente se pode destinar a obras ou amortizar as débedas do Concello. Se votou no Pleno (PP a favor, PSOE abstención e os demais en contra) e explica porqué o PSOE se abstuvo.

O Presidente lle contesta que non quere entrar no tema político, so quere explicar as obras que está previsto se fagan. Ademais, indica que o tema da iluminación é competencia do Concello e no das beirarrúas na zona do colexio seguen insistindo en Fomento.

Carlos González Domínguez di que na zona da caseta da Santa seguen sen auga.

O Presidente lle contesta que o vai a mirar, pensou que xa estaba solucionado.

#### **4.- Dar conta dos orzamentos participativos ano 2017.**

O Presidente explica que o muro está case acabado.

Arsenio Martínez Ricón reitera a petición da bionda en Zacande.

O Presidente lle contesta que falou coa concelleira de vías e obras, M<sup>a</sup> José, e quedaron de poñela en xaneiro e os canlóns tamén.

#### **5.- Orzamentos participativos ano 2018.**

O Presidente di, en relación ao muro, que a idea era que os 16000 euros chegaban para facelo, pero houbo que baixalo máis para coller firme e o custo se incrementou. Cos 16000



## CONCELLO DE REDONDEIRA

euros se fixo unha parte e propón que cos 16000 euros do ano 2018 se remate o muro e a obra completa. Teñen que decidir se queren adicar os orzamentos participativos do 2018 a rematar esa obra ou adicalos a outra actuación que decidan.

Arsenio Martínez Ricón di que remate o muro o Concello, senón se volve a quedar sen orzamentos.

O Presidente indica que a parte máis grande do muro xa está feita, agora o remate incluíría todo.

Leonardo Cabaleiro Couñago indica que non é partidario de que se deixen as obras a medias. No 2018 aínda están sen aprobar os presupostos, que se aprobarán ou non. Pregunta porqué non se acaba a obra co gasto corrente do Concello. Pide que non se hipotequen os orzamentos participativos do 2018, e que se remate a obra. Pódese facer prolongándose ao 2018, condicionándose o pago ao orzamento do 2018.

O Presidente lle indica que é o Consello quen ten que decidir en que invertir. Se non optan por rematar esa obra, teñen que propoñer outra cousa. O Concello o ten que rematar sexa cos orzamentos participativos 2018 ou doutra maneira.

M<sup>a</sup>. Magdalena Ramonet Otero pregunta se non se aproba facer a obra cos orzamentos participativos 2018, o Concello vai rematar o muro.

O Presidente lle contesta que o muro vaise rematar igual. Todas son obras de Cesantes, se fagan con cargo aos orzamentos participativos ou ao orzamento do Concello.

Nuria Novelle Zabaleta pregunta se hai un prazo para decidir.

O Presidente lle contesta que se pode convocar un extraordinario para votalo.

Jorge Rodríguez Crespo opina que o muro é lóxico rematalo, él é partidario de metelo nos orzamentos participativos 2018, así non ten que discurrir outras propostas.

O Presidente lles explica que é importante que traian propostas e queden reflexadas na acta. Trae a proposta do muro porque non se puido facer todo.

Nuria Novelle Zabaleta di que cada colectivo ten que traer propostas, valorar e decidir.

Leonardo Cabaleiro Couñago explica que se o PSOE no Pleno vota en contra dos orzamentos do Concello, que entendan que non significa que están en contra de facer ese muro.

Jorge Rodríguez Crespo comenta que para el os 16000 euros so sirven para poñer marquesiñas e catro cousas. O lóxico é saber canto se vai a destinar no Concello, que obras se van a facer e según iso se decide.

Francisco J. Táboas Carrera comenta que non só traen propostas os do centro cultural pero se van priorizando unhas sobre outras. Comenta, por exemplo, o tema das mariscadoras.

Ademais, o Sr. Táboas Carrera pregunta cando se vai aprobar o novo regulamento.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente lle contesta que se recolleron propostas e os novos orzamentos participativos irán condicionados aos orzamentos do Concello e ao novo regulamento.

Ademais, pregunta se queren convocar un consello extraordinario para votar o tema do muro, para decidir se si ou non.

## **6.- Rogos e preguntas.**

O Presidente comenta o tema dos flotadores das bateas que están depositados no campo do cura. Comenta que a comisión de festas están preocupados por ese tema e queren retiralos o ante posible pero teñen problemas.

Carlos González Domínguez explica os problemas que teñen, había varias opcións, os querían os da hípica pero ao final non lles valían, a empresa Couceiro en Porriño tamén os quería pero cortados o que saía moi caro, unha empresa en Bueu os recupera pero habería que levalos enteiros e require un transporte especial pero ata marzo ou abril non comezan coa actividade. Sánchez os levaría gratis pero o problema é que non hai a donde levalos.

Nuria Novelle Zabaleta comenta o tema das cinzas dos incendios que coa choiva están chegando ao mar, estase facendo un seguimento porque é un problema grave, contamina e está morrendo moita ameixa.

M<sup>a</sup>. Magdalena Ramonet Otero comenta que hai varias árbores que as ramas chegan aos cables da luz, o nogal no campo de San Pedro e na fonte do Pazo hai que podar para que non toquen nos cables.

Ademais, comenta que cando limparon os camiños a maioría das veces a broza queda polos camiños. Hai que desbrozar e recoller. Pide que se manteñan as beirarrúas máis limpas.

O Presidente lle contesta que son contratadas que limpan e despois recollen. O ano pasado se sancionou a unha empresa por non recoller.

Leonardo Cabaleiro Couñago comenta, en relación ao tema de reformar o muelle, que non están de acordo con como se pretende facer. Habería que apostar polo primeiro proxecto, pilotar o muelle dende o principio e vaise facer doutra maneira. Por outro lado, o tema da escollera onde a de Agustín, consultado, aí non aportaría nada. Reclaman que se faga unha reforma integral como no proxecto inicial, a reforma do muelle eles non a comparten.

O Presidente lle contesta que se falou de facer un estudo das correntes, mareas e do espigón e o dragado da zona das embarcacións. Segundo os estudos feitos non é preciso tirar todo o muelle, vaise pilotar a parte dianteira. Portos segue insistindo en que a perda de area da praia de Cesantes foi mínima. Continúa dicindo que Portos trouxo un proxecto e a primeira fase a cumpriu, tiveron reunións coa confraría e fixeron a lonxa.

Nuria Novelle Zabaleta di que a lonxa non se fixo como se expuso na presentación. En relación co tema do muro dos participativos dubida que non se supera que o muro era máis caro.

O Presidente lles explica o procedemento de adxudicación da obra. O caso do muro foi polo que se atopou no sitio.



CONCELLO DE REDONDELA

Nuria Novelle Zabaleta lle pregunta ao presidente se non cree que sería mellor que pilotaran o muelle enteiro.

O Presidente lle contesta que se hai uns estudos que din que non afecta, non é necesario.

Carlos González Domínguez di que na perda de area afectan outros temas, como que non se limpan as algas, non só o tema do espigón.

Por outra banda, se acorda entre todos convocar un consello extraordinario para o mércores 27 de decembro ás 20:00 horas para votar o tema do muro.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.